



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Emilio Mahía Neira

Esther Bergantiños García.

Martín Gómez Vazquez.

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez,

Hortensia Vázquez Gómez.

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O  
XOVES DIA 13 DE MARZO DE 2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 21:00 horas do día baixo a presidencia do Sr. Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no marxe se indican co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da corporación. A Continuación pasouse o estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día :

**Primeiro. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**Segundo. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

**Terceiro. MOCIÓNS.**

**Cuarto. ROGOS E PREGUNTAS**

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Aprobación acta da sesión anterior e traemos catro actas. A primeira é a acta ordinaria do 9 de xaneiro, a acta extraordinaria do 27 de decembro, a terceira é a do 6 de febreiro e por último a acta do 17 de febreiro. Aprobándose as catro actas por unanimidade.



## **SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Van dende o 08/01/2025 ao 10/03/2025 e son 83 decretos que están enviados en tempo a tódolos concelleiros/as.

## **TERCEIRO.- MOCIÓNS.**

*Non hai mocións no presente pleno.*

## **CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS**

- BNG:

**PREGUNTA 1.** Despois de varias anos con subvencións IDAE para o aforro de aforro enerxético temos un análise do aforro enerxético conseguido? Véñese de adxudicar o contrato do subministro de “Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos no Concello de Vilasantar”, a empresa Electric Curtis SL por un importe sen IVE de 259.195,00 euros. Que zonas incluíu este contrato? e despois desta obra que zonas quedarían pendentes de renovar o alumeadado público?

Responde o Sr. Alcalde que estas dúas subvencións son subvencións para a redución da contaminación lumínica e sobre todo son de renovación e mellora das instalacións do alumeadado público, o cal temos completamente desfasado e deteriorado. Todo aquel que non se cubriu. Estas actuacións a parte de cambiar as luminarias a LED renovan as instalacións, os cadros os cales se atopan en un importante estado de deterioro. Todos aqueles que non se cambiaron. Cámbianse neste caso 50 cadros e sobre 350 luminarias, a parte dos distintos tramos.

As vellas luminarias cámbianse por LED como se ten feito en varias parroquias, teñen una maior vida útil, unha redución do consumo de enerxía de máis do 50%, non conteñen chumbo nin mercurio e son máis eficientes, manteñen a intensidade da luz co paso do tempo couda que no fai o anterior que se atopa desfasado e prohibido pola normativa vixente. Estímase unha redución do consumo do 75% cuantificase o custe en torno aos 26.000 euros ano, isto é o que pon o proxecto. Así como menor contaminación lumínica e sobre todo equipos novos. Realízanse aclaracións con relación aos cadros.



Con relación aos sitios que se van a facer, vanse facer Viladarcas, Alvite, Filgueiras, Cruce de Sesmonde, Carapetelo, Meilá, Mende, Ril de Arriaba, Ril de Abaixo, Fraga, Corredoiras, A Pena, Tamou, O Castro de Armental, A fonte, A Laxe, Toural, Dias, O Castro e Raido, entre outras, que eran as que quedaban de Vilariño. Así como enumera o Sr. Alcalde as parroquias que faltan da parroquia de San Vicente. Polo tanto, unha vez rematada a xestión desta obra, quedaría Vilariño completo, San Vicente completo, Barbeito case completo, Présaras completo, Vilasantar case completo faltaría o arranxo da calle Real. E o que quedaría un pouco máis son Mezonzo e Armental.

**PREGUNTA 2.** Despois dunha solicitude da Deputación (13-09-2024) entendemos que o concello presentou un proxecto modificado da obra “Reforzo do firme de calzada con MBQ do camiño Os Currás - CP 4701 (Barbeito) ao abeiro do POS Adicional 2b”. En que consistiu a modificación?

Responde o Sr. Alcalde que o primeiro proxecto realizado desde este concello queríamos que se incluíra a pista que da acceso a unha gandería na zona dos Currás. Unha vez mandada a documentación dinnos que dita pista coa concentración parcelaria de Barbeito quedou como propiedade privada, polo tanto, a Deputación nos rexeita o arranxo desa pista, dese tramo. En vez de eso tramo que queríamos metemos o tramo da pista que baixa cara o cruce que leva ao Mociño. Pregunta o voceiro do BNG a onde chega o cruce ao que o Sr. Alcalde responde que agora mesmo iría dende a de Javier ata o crece de embaixo.

**PREGUNTA 3.** Nas resolucións da alcaldía aparecen varias devolucions de avais a Greenalia Forest SL e a empresa Explotaciones Forestales Souto Carrillo SL. E a mesmo tempo vemos como se seguen destrozando as pistas do concello por empresas madeireiras. As empresas responsables do deterioro dos camiños estanos amañando? O concello incautouse dalgúns avais? Que medidas se están adoptando para amañar as pistas destrozadas como por exemplo as pistas na zona de Días ou a que sae detrás do local social de Vilariño?

Responde o Sr. Alcalde que hai algunhas empresas que están amañando pistas e comiños, as que damos localizado, lamentablemente o concello de Vilasantar non ten policía local e poucas veces se da conta de onde están sacando madeira ata que te avisa un veciño e teste que presentar alí e xa non está a empresa. Faise referencia ás empresas que teñen que amañar e puxémonos en contacto con Greenalia e démoslle de prazo ata que rematen os traballos e é esta empresa quen vai a amañar esa cuneta que fixo unha pista nova. Os veciños



non temos porque sufrir eses danos e da lugar a un debate entre os diferentes concelleiros e concelleiras.

**PREGUNTA 4.** Nun dos últimos pleno a preguntas do BNG sobre as obras de “Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño de acceso a Tamou desde A Fraga” e de obra “Rehabilitación superficial firme de calzada existente no Camiño dende o Vao a Días” contestóusenos que se realizarían no mes de febreiro. Febreiro rematou e as obras non comezaron. Cando se ten previsto que a empresa realice as obras?

Responde o Sr. Alcalde que lamentablemente non é o concello quen as realiza que é a empresa e volvemos a falar coa empresa e démoslle de tope ata marzo e que se non comezaba rescindiríamos o contrato. Non sabemos se hai que volver a licitar ou se podemos tirar da lista dos seguintes, iso é o que imos a facer.

**PREGUNTA 5.** Nas resolucións da alcaldía aparece que nos persoamos nun recurso contencioso administrativo interposto por COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER S.A. En que consiste a reclamación?

Responde o Sr. Alcalde que a reclamación é sobre facturas que se lle deben, entón nos levan ao contencioso. Pregunta o voceiro do BNG porque se lle deben? Se son facturas que non estamos de acordo con elas? Responde o Sr. Alcalde que non e que son facturas que aínda non se aboaron.

**PREGUNTA 6.** Os Concellos de Sobrado, Vilasantar e Mesía solicitan unha subvención para o proxecto “Adquisición de equipamento para protección ambiental en xestión compartida para os concellos de Mesía, Sobrado e Vilasantar” cun orzamento total de 65.289,80 €. En que consiste dita adquisición?

Responde o Sr. Alcalde que esta subvención sempre é de carácter conxunta e este ano propúxonos o concello de Mesía a adquisición para nós un remolque de limpeza viaria para Sobrado e Vilasantar e é unha solicitude que ten unha achega por parte do concello de sobre 5.000 euros que no caso de que non poidamos conseguir o financiamento non o levaremos para diante, pero contamos conseguilo.

**PREGUNTA 7.** O concello ten previsto celebrar este ano a festa dos maiores?



Responde o Sr. Alcalde que témolo previsto outra cuestión é que poidamos. Teño pendente unha reunión coa Consellería de Política Social e intentaremos conseguir o financiamento.

**PREGUNTA 8.** Que empresa se encarga das redes sociais do concello? Cal foi o importe do gasto no ano 2023 e 2024? Está subvencionado? se é o caso, que organismo subvenciona e a que liña subvencións se corresponde?

Responde o Sr. Alcalde que antes era unha persoa autónoma veciña do Concello e dende hai uns meses esa persoa traballa nunha empresa entón agora mesmo temos un acordo cunha empresa, Comunicación Independente Galega. Está subvencionado ao 100% pola Consellería de Emprego e Igualdade do Plan Corresponsabilidade no ámbito local por un importe de sobre 400 euros mes e está subvencionado pola Xunta dentro da liña Fomento de valores de igualdade e corresponsabilidade de medios dixitais. A parte da comunicación dixital que fan, preparan carteis, bandos, dan a coñecer o noso concello e traballan pola defensa da muller, linguaxe inclusivo, etc.

**PREGUNTA 9.** Mediante unha providencia da alcaldía faise un informe no que solicita o pago dos atrasos a dúas traballadoras. Así mesmo en contestación a súa providencia a secretaria interventora manifesta que para realizar ese pago fai falta facer un modificativo de crédito procedendo o pago de todos os traballadores pendentes de cobro. a. Que se vai facer no caso das traballadoras que teñen presentado unha demanda xudicial? Por que non se lles pagou a todos traballadores que por extensión estaban afectados por esa sentenza? Cando se vai facer efectivo ese pago? b. Por estar ante un gasto derivado dos salarios do ano 2021, é sabido que canto máis se demoren estes pagos máis gasto é para o concello. Calculouse canto hai que pagar por estas demoras á seguridade social?, Cal é a cantidade total que hai que pagarlles a todos os traballadores? Canto é o gasto total que isto ten para o concello? c. Sendo a Alcaldía quen ten que recoñecer o pago a estes traballadores por que non se realizan os trámites necesarios para efectivizar estes pagos?

Responde o Sr. Alcalde que quere facer un pequeno recordo de que todo isto ven por un convenio que sacou adiante e que impulsou este grupo de goberno. Un convenio laboral que moitos concellos non o teñen e este concello apostou por facelo mellorando as condicións económicas e laborais de tódolos traballadores do concello.



Nos pensamos que este convenio entra en vixencia cando se publica no BOP que é en marzo do 2022 e que había que pagar a partir desa data. Ese convenio tiña uns anexos que poñía “lista retributiva para o ano 2021”. É certo que poñía que cando empezamos a negociar o convenio é no ano 2021. Certo que fixeron requirimentos, que dende a persoa que levaba na oficina tardou 3 meses en abrir un arquivo que lle mandaban de relacións laborais e non abriu porque pensaba que era un virus.

A parte, o convenio entre en vigor o 2022 pero no 2021 había esa lista e a delegada sindical denuncia e hai unha sentenza que indica que hai que aboar as cantidades do ano 2021. aínda que pensáramos que entraba en vigor en 2022. Co paso do tempo esas cantidades se abonan aos traballadores que foron persoados coa delegada de persoal, non me digades porque colleu a uns si e a outros non ao mellor uns dixeron “eu non quero ir coa delegada de persoal” ou ao mellor non os avisou, porque eu sei de xente que non avisou, pero ese é un tema da delegada de persoal. Uns ao mellor non quixeron ir e outros non foron avisados.

Logo desa sentenza dúas traballadoras que non se persoaron coa delegada reclamaron o cobro dos atrasos como o resto, unha xudicialmente e outra verbalmente e por escrito no rexistro do concello. A día de hoxe esa segunda tamén o vai a facer xudicialmente. Comprobado que se lles aplica tamén o convenio e visto que reclamaron con anterioridade ao 22/11/2024, fai unha explicación de porque esa data. Elas fixérono en prazo e están afectadas polo convenio. Estas dúas persoas teñen todo o dereito do mundo a cobrar os atrasos que son sobre 11.000 euros coa SS e os xuros, tanto os da muller que o fixo xudicialmente como a outra persoa que o fixo verbalmente nese período dun ano. Eses 11.000 euros que hai que pagar si ou si.

No caso da persoa que temos o xuízo o día 20 a miña intención é pagar o luns para que os avogados teñan a transferencia, porque o que está claro é que o avogado do concello non pinta nada se hai xuízo, non ten nada que dicir. Polo menos non pagamos o desprazamento dos avogados.

O resto de traballadores sexan socorristas, técnicos de turismo, técnicos ambientais e algúns outros descoñecemos se se lles aplica o convenio colectivo, xa que, eses postos non están recollidos no anexo do sistema retributivo do ano 2021, cousa que as dúas persoas anteriores si que están. Independentemente do punto de vista deste equipo de goberno e do asesoramento dos avogados, ese resto de traballadores non exercitaron reclamación algunha que interrómpeuse a prescrición como si fixeron as outras dúas traballadoras. Consideramos



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



que os avogados consideran que tiñan que haber feito a reclamación dos seus dereitos antes do 22/11/2024. O non haber reclamado nada poderían facer agora pero están lexitimamente validos para presentar un escrito ou para facer unha demanda e se valorará se teñen dereito pero a nós dinnos que non. E polo tanto, non imos facer ese abono.

Indica o voceiro do BNG que pensan que foi bastante trapallada, o lóxico é que cando temos a sentenza que asumiramos e que pagamos a tódolos traballadores que nos aforrábamos un montón de cartos. Pregunta o Sr. Alcalde se tamén aos 14? Ao que o Sr. García responde que si os 14 entran no convenio tamén sería propio pedir un informe xurídico a empresa que fixo o convenio para que nos informase se tiña cabida ou non. Persoalmente pensamos que si que tiñan cabida porque eran traballadores municipais e o que habería que trasladalos sería a un dos grupos establecidos. O único que fixemos foi alargar todo un montón de tempo para non dar resolto nada e que cada vez pagamos máis. Indica o voceiro do BNG que no seu día deberíamos habernos feito cargo da sentenza e pagar e non andar dando voltas. Responde o Sr. Alcalde que lamentablemente as administracións que a veces temos que ser nós os que temos que exercer os nosos dereitos e pon exemplo do mesmo. Indica o Sr. Alcalde que a delegada sindical fixo o que fixo, houbo xente que non quixo ir con ela ou non foi avisada e fixérono doutra maneira e agora nós temos que asumir o que hai. Responde o Sr. García que parte dos traballadores confiaron e que se lles iba a pagar como aos outros sen ter que ir a execución de sentenza. Indica o Sr. Alcalde que con respecto ao do prazo da prescrición, segundo din os avogados, falan do prazo dun ano para os laborais e de catro para os funcionarios.

**PREGUNTA 10.** Que análise se fai desde a Alcaldía sobre a liquidación dos orzamentos do ano 2024? Que medidas se pensan adoptar para dar resposta a mala xestión económica do goberno municipal que nos aboca a unha situación de quebra económica?

Responde o Sr. Alcalde que si tedes a documentación que se vos remitiu pódese ver que se gastou 1.130.000 euros en persoal, certo é que é algo que está aí e que hai que asumilo trala decisión do convenio polo que se incrementaron os salarios dos traballadores e témolo que asumir. É certo tamén que foi avalado pola anterior secretaria e tiramos para diante e díxonos que era favorable. Despois gastamos 640.000 euros en gasto corrente. Esas dúas cantidades suman 1.800.000 euros. O servizo de axuda no fogar deses 640.000 euros de gasto corrente podemos dicir que 500.000 euros son de axuda no fogar, xa que, aumentou considerablemente sen a correspondente contraprestacións, mátanos tamén o excesivo número de baixas, xa que, a día de hoxe seguen a estar de baixa sete ou oito persoas, que



temos que asumir máis traer xente mediante unha empresa. Polo tanto, teño pendente unha reunión co conselleiro de política social para tratar este tema e para solicitar financiamento para este servizo. É unha das medidas que imos a tomar.

Contamos tamén en recortar máis en gastos correntes informando aos traballadores que hai que facer propostas de gastos para calquera necesidade como foi aconsellado pola Secretaria. Despois estamos valorando o aumento das taxas e impostos, e pon diferentes exemplos con relación á piscina ou a auga e neste ultima cuestión fai referencia ao custe para o concello e indica que os servizos deben autofinanciarse e fai referencia ás boas instalacións do concello con relación ao servizo de abastecemento de auga. E estudaremos a posibilidade da subida do IBI e do imposto de vehículos a ver como repercutiría, aínda que iso aínda no no temos claro. O que si temos claro é que os servizos teñen que autofinanciarse.

Tamén dende fai non moito tempo as subvención financiaranse ao 100%, o DUS se non se financiara ao 100% non se houbera feito, as fachadas do concello se non se houbera feito por convenio non se houbera feito nin se podería facer. Tamén imos solicitar unha reunión coa consellería de Facenda para que nos vete unha man para o asesoramento da análise desta situación e que podemos mellorar, que esta ten a tutela financeira polo que ten obriga de axudarnos. Indica o Sr. García que a Deputación da Coruña cando foi Ponteceso ou Miño tamén axudou coa mesma. Indica o Sr. Alcalde que a maiores consideramos que habería que cambiar o modelo de financiamento porque consideramos que ten que ser acorde coas necesidades dos concellos. Ter pouca poboación como ten Vilasantar penaliza nas achegas que recibidos do Estado e da comunidade vía transferencia e damos o mesmo servizo que eses concellos con maior poboación e a diferenza o custo para nós é superior e temos que seguir mantendo os gastos obrigados pero farémolo sempre garantindo servizos e actividades.

Indica o Sr. García que o Alcalde está falando dunha serie de medidas que hai que tomar que se levan advertindo por min varios anos e en reiteradas ocasións. Ano tras ano imos a un remanente de Tesourería para gastos xerais e cada paso debemos máis nestes momentos estamos falando no ano 2023 rematamos con menos 537.000 euros e agora rematamos con menos 1.158.290 euros a min o que me dis paréceme ben pero que chega tarde. Démonos conta que agora temos que ir a un orzamento temos que asumir este remanente negativo e temos que asumir 300.000 euros de facturas do ano anterior e que orzamento imos a facer? Contesta o Sr. Alcalde que un orzamento moi básico porque fai uns anos asesorado por quen tiña na secretaría fixo un orzamento como o fixo. Indica o Sr. Alcalde que él lamentablemente non controla tanto como para facer un orzamento entón houbo unha persoa que o fixo e



tiramos para diante, independentemente nós o funcionamento que temos é case igual eu tivemos dende o principio o ano 2011. A diferenza está en que non temos ingresos e que gastamos moito dende o ano 2022 400.000 euros máis en persoal ao ano.

Responde o Sr. García que xa o dixo varias veces que ao mellor hai que xuntarse co persoal para ver que cousas se poderían modificar. Pero hai unha cousa que é o RD 2/2004 e procede á lectura do artigo no que se indica que en caso de orzamento con remanente negativo o Pleno da corporación deberá na primeira sesión que celebre reducir os gastos por un importe igual ao déficit producido, iso é imposible. Continúa coa lectura do artigo con referencia de que se a redución do gasto non é posible poderase ir a un concerto de operación de crédito polo seu importe sempre que existan as condicións que indica a lexislación vixente. Procede coa lectura dos diferentes artigos e que se nos se adoptan as medidas establecidas o orzamento seguinte debe aprobarse con superávit polo total da contía de dito déficit. Indica que temos un problema e temos que poñerlle freo e esa é misión vosa, xa que, quenes gastastes fostes vos e tedes que facer fronte a esta situación. Poñédemos a facelo. Algunha responsabilidade como alcalde terás, outros por menos deixan o posto e ti estás levando ao concello de cabeza a non existir.

Ábrese un debate con relación á situación do servizo de axuda no fogar entre o alcalde e a concelleira do BNG.

Levantase a sesión , sendo as 21:50 horas do que eu secretaria dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**